



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE HA DE REXER O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA, RECADATORIA E NA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRÁFICO NO CONCELLO DE BUEU.

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DO CONTRATO:

1ª. Obxecto do contrato.

1.1 Constitúen o obxecto do contrato os servizos complementarios de colaboración e asistencia técnica, material e informática na xestión tributaria, censal, inspectora e recadatoria, tanto en período voluntario coma executivo da totalidade dos ingresos municipais de dereito público, así como a colaboración e asistencia en materia de xestión catastral e na xestión dos expedientes sancionadores en materia de tráfico nos termos establecidos nas cláusulas deste prego de condicións e de conformidade coa regulación normativa vixente, en particular e entre outras coas disposicións contidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as Ordenanzas Fiscais Municipais, e o Convenio suscrito entre o Concello de Bueu e a Dirección Xeral do Catastro de data 5 de xullo de 2002.

O contrato terá por obxecto tarefas de colaboración de carácter material, técnicas e de preparación que non impliquen exercicio de autoridade. O Concello poderá excluír dos servizos de colaboración previstos neste prego algún dos conceptos de ingresos municipais así coma algunha das materias obxecto de colaboración por cambios normativos, subscrición de Convenios de colaboración ou delegacións de competencias a outras Administracións Públicas ou razóns de servizo, comunicándollo á adxudicataria, e sen que esta teña dereito a indemnización ou compensación económica algunha.

1.2 Os obxectivos deste contrato son:

1º) Facilitar ó contribuínte o cumprimento das súas obrigas tributarias, minorando os prazos de resposta e tempos de atención ó contribuínte, a través da extensión dos canles de comunicación entre este e o Concello.

2º) Maximizar os niveles de recadación dos tributos e demais prestacións de dereito público comprendidos no contrato, mellorando os procesos e a cantidade e calidade da información necesaria para tal fin.

3º) Minimizar o custo que as prestacións contidas no presente contrato representen para a administración municipal.

2ª. Ámbito territorial.

Os traballos obxecto deste contrato estenderanse ao termo municipal de Bueu.

3ª. Ámbito funcional.

Os servizos que comprende o presente contrato son:

- Colaboración na xestión tributaria e censal, nos termos establecidos no capítulo II destes Pregos de acordo co artigo 117 LGT.
- Colaboración en material de xestión catastral do Imposto sobre Bens Inmóveis nos termos establecidos no capítulo III destes Pregos.
- Colaboración na recadación de ingresos en período voluntario e executivo nos termos establecidos nos capítulos IV e V destes Pregos de acordo co artigo 160 LGT.
- Colaboración en materia de atención ao contribuínte nos termos establecidos no capítulo VI destes Pregos.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

- Colaboración en materia de inspección tributaria nos termos establecidos no capítulo VII destes Pregos de acordo co artigo 141 LGT.
- Colaboración en materia de xestión dos expedientes sancionadores en materia de tráfico nos termos establecidos no Capítulo VIII destes Pregos e de acordo coa normativa reguladora da materia que en cada momento sexa de aplicación.

CAPÍTULO II. COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA E CENSAL.

4ª. Definición e execución do servizo:

Levarán a cabo todos aqueles traballos necesarios para a formación, o mantemento, conservación e depuración dos padróns fiscais, censos e matrículas dos tributos e demais ingresos de dereito público que sexan obxecto de xestión recadatoria de acordo co establecido no Capítulo IV destes Pregos, así como para a xeración de liquidacións directas e autoliquidacións non xestionadas por padrón, implementando e desenvolvendo as correspondentes aplicacións informáticas, destinándose as mesmas a ser utilizadas nos servizos contratados.

Con relación aos traballos a realizar pola adxudicataria en materia de xestión tributaria, enuméranse con carácter meramente descritivo os seguintes:

- Traballos de alta, baixa, modificación e, no seu caso, depuración de erros e omisións nos Censos e Padróns durante os seus períodos de elaboración, contrastando a información contida nas bases de datos e daquela achegada polos contribuíntes, emendando os defectos observados a fin de minimizar as incidencias que poidan producirse nos períodos de cobro.
- Colaboración na preparación de informes e certificados sobre bens, actividades e débedas dos obrigados ao pago.
- Confección de borradores e modelos dos impresos e documentos que se utilicen no proceso de xestión e liquidación tributaria, incluídas as declaracións autoliquidables.

A estes efectos, contéplase nesta actuación a expedición e entrega aos contribuíntes e resto de obrigados ao pago dos tributos e demais ingresos de dereito público dos trípticos ou documentos cobratorios para o seu posterior ingreso nas entidades colaboradoras. Así mesmo, a distribución de boletíns informativos ou calquera outro medio de comunicación cos contribuíntes que permita dar coñecemento dos procesos ou funcionamento do sistema de xestión e recadación municipal, especialmente a práctica de procesos de cobro e a información e coñecemento polo contribuínte das súas débedas.

- Tarefas de apoio nos procesos de aplicación de procedementos informatizados ás distintas áreas municipais que teñan relación xeración de expedientes con incidencia tributaria, tarefas que se estenderán ás actuacións que, baixo as medidas de integridade e confidencialidade dos datos, permitan ós contribuíntes ó acceso á información tributaria propia de relevancia, así como o cálculo e autoliquidación de tributos ou presentación de declaracións que o Concello habilite por vía telemática.
- Tarefas de apoio en Convenios que o Concello teña subscritos coa A.E.A.T., I.N.S.S. ademais dos subscritos con Notarios, Rexistradores, Xestores e outros.
- En relación aos tributos, teranse en especial consideración os seguintes apartados:

a) No Imposto sobre Actividades Económicas e o Imposto sobre Bens Inmóveis, a xestión de padróns a



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

partir do censo da Axencia Estatal Tributaria e do Centro de Xestión Catastral, respectivamente, con comprobación das altas, baixas e variacións sufridas así como o intercambio de información nos formatos establecidos, e sen prexuízo do que se sinala en posterior punto en relación á asistencia e colaboración na xestión catastral. Así mesmo tarefas de comprobación da coincidencia dos datos contidos nos censos cos resultantes das actuacións de inspección ou de cruce de datos con outros rexistros que obren en poder da Administración Tributaria e elaboración de propostas de rectificación que resulten procedentes.

b) No Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, o intercambio de información nos formatos establecidos coa Dirección Xeral de Tráfico e a xestión de liquidacións e autoliquidacións. Comprobación e búsqueda de erros nos datos contidos nos padróns fiscais por baixas ou cambios de titularidade omitidos, coa oportuna elaboración de propostas de rectificación que resulten procedentes.

c) No Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e as Contribucións Especiais, a autoliquidación ou liquidación dos dous primeiros tributos citados e o seu tratamento individualizado e por relacións. En concreto, en relación co Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, intercambio de información nos formatos que se poidan establecer con Notarías e Rexistros, así coma realización de tarefas de comprobación de autoliquidacións e práctica de liquidacións en relacións coas declaracións formuladas polos contribuíntes.

d) Nas taxas e prezos públicos, a xestión censal e padronal dos conceptos esixidos polo Concello, debendo permitir o sistema de información utilizado pola empresa adxudicataria a súa total adaptabilidade e parametrización pola variada casuística que orixina a súa esixencia.

O adxudicatario realizará as tarefas de expedición e entrega de documentos cobratorios válidos que permitan o cumprimento das obrigas formais ou materiais polos obrigados ante o Concello ou nas entidades colaboradoras. A práctica de comunicacións ou notificacións mediante a remisión ó servizo de correos ou outros medios será por cargo do adxudicatario.

Con carácter xeral o adxudicatario prestará, de acordo coas instrucións formuladas polo Concello. apoio instrumental, material e informático nas seguintes actuacións de xestión tributaria:

- A identificación dos feitos impositivos, obxectos tributarios e cuantificación das bases, colaborando no seu caso nos procedementos de comprobación e verificación.
- Tarefas de apoio na preparación de expedientes de verificación e comprobación limitada.
- Seguimento e control específico dos expedientes tributarios relativos a contribuíntes en situación de Concurso de Acreedores, con propostas de actuación nas diferentes fases concursais.
- Preparación de propostas de resolución de recursos e reclamacións interpostos contra actos e acordos adoptados en materia de xestión tributaria, de acordo coas instrucións e dentro dos prazos establecidos polo Concello.

CAPÍTULO III.- SERVIZOS EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL DO IBI

5ª. Definición e execución do servizo:

Realización dos traballos necesarios de consultoría e asistencia técnica para o desenvolvemento das funcións de xestión catastral incluídas no Convenio de Colaboración suscrito entre o Concello de Bueu e a Dirección Xeral do Catastro con data 5 de xullo de 2002. Estes traballos e o tratamento dos datos haberán de realizarse de conformidade coas instrucións da Xerencia Territorial do Catastro da Provincia de Pontevedra.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ré. PPT/S/C60-15

Page 4 of 17

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

Para o desenvolvemento destes traballos serán de aplicación os pregos de condicións técnicas que para os distintos traballos catastrais teña establecidos a Dirección Xeral do Catastro, así como as normas técnicas sobre formato dos ficheiros informáticos de intercambio de datos entre o catastro e as entidades locais, documentos todos eles que se atopan dispoñibles na páxina web da Dirección Xeral do Catastro (www.catastro.meh.es).

A execución dos traballos a realizar polo adxudicatario para o cumprimento das funcións de xestión catastral obxecto do Convenio de Colaboración suscrito coa Dirección Xeral do Catastro centrarse na elaboración e actuacións complementarias relativas aos modelos normalizados do Catastro para a actualización de datos, altas e baixas do catastro urbano (901, 902, etc) e os seus correspondentes efectos fiscais no Imposto sobre Bens Inmóbles, así como a asistencia aos interesados na cumplimentación dos devanditos modelos.

Requirirase, en todo caso, o cumprimento dos seguintes extremos:

- a) Asistencia ao contribuínte na cumplimentación das declaracións de alteracións catastrais concernentes a bens inmóbles de natureza urbana, así coma tramitar materialmente os correspondentes requirimentos cando non se presentaran no modelo axeitado.
- b) Colaboración na investigación en campo para a detección de alteracións de orde física, xurídica e económica, e o seu posterior traslado ao Concello, dos datos obtidos con obxecto da formalización dos requirimentos oportunos.
- c) Comprobación da documentación presentada polos interesados nos termos previstos no Convenio de Colaboración mencionado, redactando os requirimentos a que houberse lugar e a súa notificación. Preparación, para a súa remisión á Xerencia Territorial do Catastro dos requirimentos non atendidos.
- d) Elaboración da documentación relativa aos datos físicos xurídicos e económicos nos soportes e formato informáticos establecidos pola Dirección Xeral do Catastro.
- e) Actualización cartográfica nos termos previstos no Convenio.
- f) En materia de elaboración de Estudos de Mercado e Relatorios de Valores, colaboración na obtención de valores do mercado inmobiliario nas zonas e tipos de inmóbles solicitados pola Dirección Xeral do Catastro.
- g) Información e asistencia ao contribuínte nas anteriores materias.
- h) Preparación de certificados de datos obrantes no Padrón de Bens Inmóbles.
- i) Preparación e remisión, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción, aos interesados das notificacións dos valores catastrais e demais alteracións adoptadas pola Xerencia Territorial do Catastro.
- j) No caso de que non sexa posible realizar a notificación, habéndose tentado en tempo e forma, preparación da documentación a remitir á Xerencia Territorial do Catastro a efecto de que poida publicar o edicto correspondente.
- k) Os custos derivados destas notificacións serán por conta do adxudicatario.

En xeral corresponde ó contratista calquera outro traballo de colaboración en materia de xestión catastral que propoña o Concello de acordo co Convenio suscrito entre o Concello de Bueu e a Dirección Xeral do



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

Catastro de data 5 de xullo de 2002 que se anexa ó Prego de Cláusulas Administrativas, sen que supoña desequilibrio financeiro do contrato e sen que implique exercicio de autoridade ou funcións reservadas ó persoal funcionario.

CAPÍTULO IV.- COLABORACIÓN NA XESTIÓN DE INGRESOS EN PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRO:

6ª. Definición e execución do servizo:

A colaboración na recadación en período voluntario alcanzará ao Imposto sobre Bens Inmóbiles, ao Imposto sobre Actividades Económicas, ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ao Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, ao Imposto sobre o Incremento de Valor dos Bens de Natureza Urbana e ás Taxas pola prestación do servizo de mercado municipal de abastos, pola licenza de autotaxi e demais vehículos de aluguer, por licenza de actividade para apertura de establecementos, pola prestación de servizos urbanísticos, pola prestación do servizo de cemiterio e pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Tamén se estenderá aos ingresos derivados da taxa por prestación do servizo de axuda no fogar e teleasistencia domiciliaria, sancións de tráfico e urbanísticas e aos seguintes supostos incluídos na Ordenanza reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos: cambio de titularidade de establecementos, sinal numerada de vao, e informes da Policía Local referentes tanto a accidentes de tráfico como a outras intervencións.

Así mesmo, a colaboración estenderase a aqueles conceptos que eventualmente determine o órgano competente do Concello (Prezos Públicos pola organización de cursos, talleres, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais; contribucións especiais; cotas de urbanización; taxas pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais e pola subministración de auga potable, no caso de que o servizo deixe de prestarse en réxime de concesión administrativa; ou os que, no seu caso, determine este Concello).

A inclusión de mais conceptos ou exclusión dos ingresos anteriores na colaboración non dará dereito de indemnización a favor do contratista.

A colaboración traducirase no apoio aos servizos municipais encargados da xestión dos ingresos, cos medios humanos, técnicos e materiais necesarios para a realización das seguintes actividades:

a) Recepción, carga ou gravación dos soportes magnéticos, documentos cobratorios, reparticións, padróns municipais, listas cobratorias, etc. e o seu tratamento informático, con expedición dos documentos individuais liberatorios do pago.

Idénticas actuacións en relación á recadación en período de pago voluntario realizarase sobre as liquidacións directas e autoliquidacións non xestionadas por padrón.

b) A realización da recadación voluntaria haberá de inspirarse en criterios de economía, eficacia, modernidade e servizo ao contribuínte, en cuxo coñecemento haberán de poñerse en cada período de cobro que se inicie os conceptos e cotas ao seu cargo, con expresión dos prazos, formas de pago e demais circunstancias de interese que deba coñecer, mediante a documentación oportuna que lle sirva para a realización do ingreso a través de Entidades Colaboradoras e ao mesmo tempo para formalizar a domiciliación de posteriores vencementos, en cuxa captación han de proxectarse reiteradas actuacións e esforzos.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

- c) A empresa adxudicataria levará o control das ordes de domiciliacións de débedas de vencemento periódico e formará en cada período de cobro as relacións informatizadas ou manuais para cada unha das entidades financeiras con cotas domiciliadas.
- d) Informará igualmente ao Concello das incidencias xurdidas e o control das domiciliacións de pagos en Bancos e Caixas de Aforros canalizando as relacións do Concello coas entidades colaboradoras.
- e) Os contribuíntes efectuarán os ingresos en contas restrinxidas de recadación habilitadas polo Concello nas entidades financeiras autorizadas como Entidades Colaboradoras. A titularidade das devanditas contas será do Concello, sen que a empresa adxudicataria poida dispor, baixo ningún concepto, dos saldos, fondos e intereses nelas ingresados.
- f) A estes efectos, nas entidades financeiras que se determinen polo Concello habilitaranse as contas restrinxidas que se consideren necesarias, que actuarán como receptoras de todos os ingresos que se deriven do obxecto do presente contrato. O Concello determinará o réxime de disposición e as condicións en que se procederá á apertura das devanditas contas.
- g) Elaborar, a solicitude dos contribuíntes, propostas relativas a fraccionamentos e adiamentos no pago de débedas en período de pago voluntario, cálculo de intereses e control de pagos.
- h) A empresa adxudicataria colaborará na depuración de erros nos Censos e Padróns, durante os períodos de cobros de débedas de vencemento periódico, mediante a obtención de información dos contribuíntes acerca dos datos contidos nos documentos de cobro, emendando os defectos observados. Así mesmo, mediante o intercambio de información con outras administracións, procederá ó cruzamento de datos que permitan detectar erros e depurar os censos e padróns fiscais de obxectos tributarios que xa non deban constar neles.
- i) Elaboración e notificación ós contribuíntes das liquidación e documentos para o cumprimentos das súas obrigas fiscais. Gravación, seguimento e control das citadas notificacións.

CAPÍTULO V.- COLABORACIÓN NA XESTIÓN DE INGRESOS EN PERÍODO EXECUTIVO DE COBRO:

7ª. Definición e execución do servizo:

A colaboración alcanzará, inicialmente, a todos os ingresos tributarios e demais de dereito público que se atopen en período executivo e en cuxo cobro en período voluntario colabora a empresa adxudicataria.

Ademais colaborará no cobro, en período executivo, dos ingresos correspondentes ás taxas por prestación do servizo de saneamento e depuración de auga residuais e por subministración domiciliar de auga potable, cuxo cobro en voluntaria realiza a empresa adxudicataria da concesión do servizo, e no cobro daqueles outros ingresos de dereito público que o órgano competente do Concello determine.

A colaboración a prestar pola empresa adxudicataria virá referida ás actividades que se citan a continuación:

- a) Iniciados os servizos, as débedas cargadas polo Concello e os seus antecedentes, serán arquivados ordenadamente pola empresa adxudicataria mediante soporte informático e documental, procedendo seguidamente, no suposto que corresponda, a notificar a providencia de prema aos debedores.
- b) A empresa adxudicataria formará os expedientes executivos, rexistraraos e, con todos os antecedentes regulamentarios, formulará propostas de actuacións ao Concello para que polo órgano competente se



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

diten os actos administrativos necesarios e sucesivos até a súa finalización.

c) A empresa adxudicataria participará materialmente nas distintas fases do expediente executivo, en actuacións tales como: traslado de notificacións de embargo practicadas polo órgano competente, obtención de información en Rexistros Públicos, presentación de mandamentos de embargos de toda clase de bens, práctica de dilixencias de embargo, designación de peritos, constitución de depósitos, designación e remoción de depositarios e demais dilixencias do procedemento recadatorio que non impliquen exercicio de autoridade, para cuxas actuacións se achará o persoal que a empresa designe debidamente facultado e acreditado, sendo asistido a estes efectos polo Concello.

d) Os valores que sexan obxecto de suspensións de procedemento como consecuencia da interposición de recursos unha vez iniciada a vía de prema non constarán a efectos dos cocientes da xestión de cobro ata que se proceda á súa rehabilitación, situación que durará o tempo que sexa preciso para a resolución dos recursos formulados, reiniciándose o proceso de cobro das débedas, si así procede, a partir da firmeza das resolucións, acordos ou sentenzas.

e) A empresa adxudicataria expedirá as estatísticas, resumos, estados, detalles de situación da tramitación de expedientes de prema, de evolución da morosidade e demais información que lle sexa requirida polo Concello, tanto na periódica rendición de contas que ao efecto se estableza, como en calquera outra circunstancia que lle sexa requirida.

f) A empresa adxudicataria levará informaticamente un ficheiro de insolvencias, susceptible de ser cruzado cos das débedas vivas, a fin de pór en coñecemento do Concello esta circunstancia.

g) A rendición periódica de contas se instrumentalizará mediante soporte magnético e documental, de acordo coas instrucións que ao efecto dite a Tesourería Municipal.

h) A empresa adxudicataria controlará os cobros e baixas, clasificados por conceptos e exercicios, datos que servirán de base e xustificación dos ingresos en contas restrinxidas, así como para a confección dos estados contables a render.

i) A título meramente enunciativo, e entre outras actuacións nas que se requirirá a asistencia e colaboración da empresa adxudicataria, detállanse:

- A exacción e liquidación de intereses de demora polos débitos recadados en vía de prema.
- Preparación de cantos documentos se requiran na execución de garantías.
- Elaborar propostas, a solicitude dos contribuíntes, relativas a fraccionamentos e adiamentos no pago de débedas en vía executiva, cálculo de intereses e control de pagos, de conformidade coa normativa de aplicación.
- Auxiliar aos funcionarios municipais na celebración das poxas que teñan lugar e, en xeral, nos procedementos de alleamento dos bens embargados.
- Tramitar e propor a declaración de errado daqueles debedores cuxa insolvencia quede acreditada no expediente executivo de acordo coas instrucións e criterios que se establezan por parte do Concello. Colaboración operativa na depuración periódica dos valores pendentes de ingreso (incluíndo os pendentes á data de formalización do contrato), ó obxecto de proceder a tramitar as datas por insolvencia e outras causas que correspondan, con proposta de créditos incobrables e de actuacións posteriores.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ré. PPT/S/C60-15
Page 8 of 17

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

- Elaboración material de documentos de notificación ós contribuíntes das súas débedas tributarias en período executivo e notificación das providencias de constrinximento e demais actos de recadación executiva. Preparación da publicación nos Boletíns oficiais correspondentes da citación para aquelas notificacións que cumpridos os trámites legais tiveran resultado infrutuosas. Gravación e seguimento das mesmas.

- Vixilancia sobre a débeda en relación coa cal a súa data de prescrición sexa próxima (co obxecto de vitala), formulando propostas de actuación ó respecto.

j) As costas do procedemento executivo, con independencia do resultado de cada expediente de prema, serán satisfeitas pola empresa adxudicataria, quedando da súa conta e cargo as que resulten irrecuperables unha vez finalizado o expediente. As cantidades percibidas por este concepto pola empresa de recadación, serán incluídas na conta mensual de ingresos para a súa imputación aos contribuíntes aos que correspondan, abonándose mensualmente polo Concello á empresa adxudicataria as que se devengaran nos procedementos de prema e que sexan ingresadas nas contas restrinxidas habilitadas ao efecto, confeccionándose o oportuno listado comprensivo de tales ingresos e concepto.

O Concello poderá excluír dos servizos de colaboración previstos neste capítulo aqueles ingresos que por convenio ou outro instrumento xurídico, sexan encomendados para o seu cobro a outros Organismos Públicos, sen que a adxudicataria teña dereito a compensación económica algunha. No caso anterior a empresa adxudicataria colaborará para a correcta transmisión dos datos entre o Concello e a Administración coa que se convenie o cobro dos valores. A citada colaboración comprenderá, nestes casos, entre outros aspectos, a confección, tratamento e seguimento dos ficheiros de intercambio que se transmitan entre o Concello e a Administración coa que se chegue, no seu caso, a acordar o intercambio de datos tributarios.

CAPÍTULO VI. COLABORACIÓN EN MATERIA DE ATENCIÓN AO CONTRIBUÍNTE.

8ª. Colaboración en materia de atención ao contribuínte. Contido e medios:

Esta colaboración traducirase no establecemento no local e co persoal que achegue a empresa adxudicataria do contrato dunha oficina de atención e información ao contribuínte, que irá fundamentalmente dirixida a facer efectivos os dereitos e garantías que aos obrigados tributarios recoñece o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria e a auxiliar a estes no cumprimento das súas obrigas (información, asistencia na presentación de reclamacións e cantas resulten necesarias para o correcto funcionamento da oficina).

Así mesmo disporase, previa solicitude do Concello e tras a adopción das necesarias medidas de seguridade para garantir a confidencialidade e integridade dos datos, dun sistema de información e consulta a favor do contribuínte, cuxo acceso debe ser posible desde calquera tipo de plataforma mediante un dos navegadores estándar utilizados para acceder a Internet, cuxo custo de conexión non supoña ao interesado un prezo superior ao de chamada local, con independencia do punto de chamada, fornecendo información relativa ao calendario xeral establecido para o cobro de tributos e, previos os mecanismos de verificación oportunos, ofrecer información particularizada sobre as concretas obrigacións do contribuínte, detalle de liquidacións e recibos, obtención de copias e todas aquelas actuacións que, mediante este sistema telemático, permitan facilitar os pagos.

En relación aos profesionais que autorice o Concello e que realicen actuacións de xestión ou administración a favor de terceiros, de conformidade aos seus respectivos estatutos, e sen prexuízo do establecido no anterior parágrafo, habilitaranse canles telemáticos específicos para a obtención de



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

información e de actuación a fin de que, desde os seus propios centros de traballo, poidan atender os asuntos encomendados por terceiros relativos ao cumprimento das obrigacións tributarias.

O adxudicatario informará e asistirá ó contribuíntes que desexen formular un recurso ou reclamación e recollerá e rexistrará os recursos e reclamacións formuladas. A continuación, de acordo coas instrucións do Concello, informará e formulará proposta de resolución das mesmas de acordo coa normativa vixente.

Diariamente, unha persoa designada polo adxudicatario de entre o seu persoal, recollerá nas dependencias municipais a documentación que o Concello, previo rexistro da mesma, lle subministre en relación coas tarefas obxecto do contrato. Da mesma maneira, a documentación que o adxudicatario dirixa ó Concello será obxecto de rexistro de entrada diariamente no Concello.

CAPÍTULO VII. COLABORACIÓN EN MATERIA DE INSPECCIÓN.

9ª. Colaboración en materia de inspección tributaria: contido:

A colaboración a prestar pola empresa adxudicataria virá referida ás actividades que se citan a continuación:

- Colaborar nas actuacións comprobatorias que ao efecto realicen os servizos da inspección municipal para a verificación da situación tributaria dos distintos suxeitos pasivos e demais obrigados tributarios, co fin de verificar o exacto cumprimento das súas obrigas e deberes coa Facenda Municipal, procedendo a asesorar na regularización que proceda.
- Servizos de identificación mediante técnicas informáticas de cruce de datos de fontes diversas, subsanando as omisións ou incorrectas declaracións de obxectos tributarios nas bases de datos fiscais.
- Actualización, mantemento e depuración dos diversos padróns para a exacción dos ingresos do Concello.
- Soporte material na confección e tramitación dos expedientes que se instrúan por infraccións tributarias.
- Soporte material na práctica de liquidación para a regularización das obrigas fiscais.

CAPÍTULO VIII. COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE TRÁFICO.

A colaboración a prestar pola empresa adxudicataria virá referida ás actividades que se citan a continuación:

- Recoller, coa periodicidade que se estableza, nas dependencias da Policía Local de Bueu, as denuncias formuladas por axentes da mesma.
- Iniciar automaticamente, con cada boletín de denuncia recollido, un expediente ó que se incorporarán as actuacións posteriores (notificacións, alegacións, resolución sancionadora, recursos, etc)
- Comprobar, cos datos obrantes nas distintas bases de datos dispoñibles da Administración Pública, os posibles erros nas denuncias recollidas, así como as posibles insuficiencias dos datos consignados, remitindo as defectuosas ó servizo correspondente para a súa comprobación e corrección si elo é posible.
- Gravar, tras esa previa depuración, as que aparezan como correctas.
- Emisión, coa periodicidade que se estableza, de listados para o control das denuncias tramitadas, que se entregarán ó órgano instrutor e ó Xefe da Policía Local para o seu coñecemento.
- Elaborar o soporte documental necesario para efectuar, tanto dentro coma fora do término municipal, as notificacións daquelas denuncias que non foran recibidas no acto polos denunciados. Recibir as notificacións efectuadas polo servizo de Correos, gravando a data das notificacións que foran practicadas.
- Acreditar que se realizaron, no caso de fracaso do primeiro, os dous intentos de notificación esixidos, e introducir na base de datos os resultados dos mesmos.
- Transcorrido o prazo establecido ó efecto dende a notificación da denuncia, sen que os denunciados presentaran alegacións, preparar os listados e soporte documental necesario para que o órgano municipal



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ré. PPT/S/C60-15

Page 10 of 17

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

competente impoña as sancións que procedan.

- i) Rexistro de alegacións e recursos que se interpoñan no procedemento sancionador.
- j) Elaboración e mecanización de informes e propostas de resolución sobre as alegacións e recursos, así como o soporte documental necesario para a imposición da sanción que proceda ou para a resolución do correspondente recurso.
- k) Notificación das resolucións sancionadoras nos mesmos termos especificados para a notificación das denuncias nos apartados anteriores.
- l) Propoñer e preparar o soporte documental necesario para proceder ó peche e arquivo de expedientes, polo causa e no momento que sexa (prescripción, caducidade, sobrosemento, etc.).
- m) Emisión dos documentos cobratorios que se lle facilitarán ós interesados en todos os trámites procedimentais oportunos, para ingresar o importe das sancións nas Entidade Colaboradoras.
- n) Transcorrido o prazo de ingreso das sancións en período voluntario, elaborar relación de impagados ós efectos de formalizar o paso á vía executiva.
- ñ) Cando as sancións adquiran firmeza facilitarase á Policía Local o ficheiro necesario para a anotación da perda de puntos no rexistro de condutores e infractores, e para comunicar á Xefatura Provincial de Tráfico as infraccións moi graves aos efectos de suspensión da autorización administrativa de conducir, segundo establece a normativa legal e regulamentaria de aplicación.
- o) Atender as consultas dos interesados en cada expediente así como as solicitudes de exercicio do dereito do infractor a consultar os datos e documentación obrantes no expediente sancionador incoado ó seu nome.
- p) Clasificación, arquivo e custodia da documentación xerada polo procedemento ata que sexa requirida polo Concello.
- q) Confección de informes estatísticos que sexan solicitados polo servizo municipal correspondente, de carácter xeral ou referente a calquera dos datos que figuran nos boletíns de denuncia.
- r) Subministro de 3 PDAs ou dispositivos similares co software e dispositivos informáticos e/ou telemáticos suficientes para a xestión, intercomunicación, control e arquivo dos expedientes.

CAPÍTULO IX. EXCLUSIÓNS DO OBXECTO DO CONTRATO.

10ª. Queda excluído do obxecto do contrato:

- a) Calquera acto que implique exercicio de autoridade reservado a funcionarios públicos segundo a lexislación vixente.
- b) A colaboración na xestión daqueles conceptos ou exaccións que non sexan expresamente autorizada polo órgano competente do Concello.

CAPÍTULO X. RETRIBUCIÓN AO ADXUDICATARIO.

11ª. Retribución por colaboración en período voluntario:

O adxudicatario terá dereito a unha retribución pola colaboración na xestión de ingresos en período voluntario en función da recadación líquida obtida no devandito período para os diferentes conceptos de ingreso e dos resultados obtidos, consistindo esta en as seguintes porcentaxes (as porcentaxes son IVA EXCLUÍDO)

- a) 3,8 % da recadación obtida en período voluntario de pago por todos os conceptos de ingreso (salvo as sancións de tráfico), admitíndose posturas diferentes aos tipos porcentuais sinalados.

12ª. Retribución por colaboración en período executivo:



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

O adxudicatario terá dereito a unha retribución pola colaboración na xestión de ingresos en período executivo consistente nun 3,8 % da recadación obtida cando se aplicou unicamente a recarga executiva (salvo as sancións de tráfico) e dun 12,7 % da recadación obtida para os diferentes conceptos de ingresos (incluídas as sancións de tráfico) , incluíndo a recarga de prema e os intereses de demora, naqueles casos en que se notificou a providencia de prema e se aplicaron as recargas de prema reducidas e ordinaria, admitíndose posturas diferentes aos tipos porcentuais sinalados.

13ª. Retribución por asistencia na xestión catastral do Imposto sobre Bens Inmобles.

Pola asistencia e colaboración en xestión catastral o tipo de licitación será o seguinte:

Por cada unidade catastral e notificación: 43 euros.

14ª. Retribución por colaboración en materia de inspección:

Pola colaboración na inspección daquelas figuras tributarias que, no seu caso, decida o Concello: 22% do recadado das primeiras liquidacións xeradas, admitíndose posturas diferentes aos tipos porcentuais sinalados.

15ª. Retribución por colaboración na xestión das sancións de tráfico:

Pola colaboración na xestión dos expedientes sancionadores por infracción das normas de tráfico: 20% do recadado en período voluntario de pago e en período executivo antes da notificación do providencia de constrinximento.

16ª Imposto sobre o Valor Engadido:

En todas as retribucións previstas nas cláusulas 11ª, 12ª, 13ª, 14ª e 15ª entenderanse EXCLUÍDO o Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.A.), que deberá aplicarse, ó seu tipo vixente, sobre os importes que se facturen en aplicación dos prezos que resulten da adxudicación.

17ª Abono da retribución:

A retribución realizarase da seguinte maneira:

a) Doce pagos mensuais de 10.000 euros (Imposto sobre o Valor Engadido excluído) que terán o carácter de entrega a conta da liquidación anual definitiva, previa presentación da correspondente factura, que haberá de reunir os requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, e da información a que se refire o apartado a) da cláusula seguinte. Este importe axustarase en función da baixa ofertada pola empresa adxudicataria e poderá ser susceptible, igualmente, de axustes á alza ou á baixa dependendo dos conceptos tributarios sobre os que recaia a colaboración e da evolución que presente o servizo, deducida da información a fornecer polo contratista.

b) Un pago único en concepto de liquidación anual definitiva que se producirá o mes seguinte á presentación polo adxudicatario da información a que se refire o apartado b) da cláusula seguinte. O importe do devandito pago será a diferenza entre a cantidade que resulte de aplicar as porcentaxes a que se refiren as cláusulas 11ª, 12ª, 14ª e 15ª e os pagos a conta efectuados durante ese período. No caso de que a diferenza fose negativa haberá de procederse da seguinte maneira:

- Si o contrato non finaliza no exercicio en que a diferenza fose negativa, deducirase da entrega a conta correspondente ao primeiro mes do exercicio seguinte, e si esta non fose suficiente irase deducindo da correspondente aos meses seguintes.
- Si o contrato finaliza no devandito exercicio, o adxudicatario virá obrigado a abonar a diferenza ao Concello no prazo de dous meses.

18ª Información a fornecer:

a) Mensualmente, xunto coa factura correspondente a cada entrega a conta acompañarase a seguinte



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C60-15

Page 12 of 17

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

documentación:

- A conta de recadación mensual, con toda a documentación que sexa precisa para a correcta aplicación contable dos ingresos e na que se fagan constar con toda claridade os cargos e datas efectuados no mes tanto en recadación voluntaria como executiva, devolucións de ingresos indebidos, ingresos con recarga do 5 %, 10 % e 20 %, así como as recargas por declaración extemporánea do 5%, 10%, 15% e 20% procedentes, e dátalas por baixas identificando o motivo da baixa, detalle dos ingresos cobrados en concepto de intereses de demora e costas do procedemento, errados, etc.
- Estado da débeda que se atope pendente de cobro en período executivo. O contido deste estado determinarase pola Tesourería Municipal coa asistencia da empresa adxudicataria.
- En materia de xestión catastral do Imposto sobre Bens Inmóbiles informe mensual no que se conteñan os datos relativos ao número de expedientes tramitados polo Concello en virtude do Convenio de Colaboración.
- En materia de colaboración en materia de inspección tributaria e en materia de multas de tráfico, resumo das actuacións mensuais realizadas, co detalle e os requisitos que se determinen.

b) Anualmente, no vinte primeiros días do mes de xaneiro de cada exercicio:

- Conta de recadación anual detallada por exercicios e conceptos de ingreso, de forma agregada e individualizada por cargos, recibos e debedores.
- Memoria de xestión do exercicio.
- En canto á colaboración en materia de atención ao contribuínte, información relativa aos asuntos tratados, desconformidades, reclamacións, e, en xeral, todos os datos que poñan de manifesto a actividade e resultados da devandita oficina.

O contido de cada un dos informes, contas, memorias, etc., será establecido pola Tesourería Municipal, en colaboración coa Intervención (a efectos da súa fiscalización e control) e da empresa adxudicataria do servizo.

Sen prexuízo do anterior, a Intervención e a Tesourería poderán requirir canta información estimen precisa para asegurar o correcto funcionamento do servizo, establecendo as garantías e controis que consideren oportunos, en canto fiscalizadora e directora do servizo.

CAPÍTULO XI. PROTECCIÓN DE DATOS.

19ª. Protección de datos de carácter persoal.

Toda a información contida en soporte físico ou informático relativa a listados, censos, padróns, matrículas, así como la información referida a cada contribuínte, en particular, certificados, informes, mandamentos e cantos documentos integren os expedientes individuais ou colectivos abertos, é integramente propiedade do Concello de Bueu, tendo a empresa adxudicataria unha obriga absoluta de reserva.

A consecuencia do anterior a empresa só poderá usar a citada información en tarefas propias do obxecto do contrato, sen podela facilitar ós particulares, Administracións ou Institucións. Cando corresponda a emisión deste tipo de información, tal emisión a realizará o Concello, debendo colaborar a empresa na preparación da citada información.

Estas obrigas de reserva e confidencialidade enténdense sen prexuízo de todas aquelas establecidas pola Lei Orgánica 15/1999, de 3 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e o Real Decreto



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

994/1999, de 11 de xuño, de Medidas de seguridade de ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.

CAPÍTULO XII. MEDIOS

20ª. Persoais.

A) Persoal: O adxudicatario estará obrigado a prestar o servizo co persoal ao seu cargo para a realización das distintas actividades encomendadas. Para iso procederá á adscrición durante a vixencia do contrato do número de persoas necesario (cun mínimo de 4) con dedicación exclusiva e xornada completa, debéndose acreditar inescusablemente coma mínimo 1 ano de antigüidade en actividades de carácter tributario e recadatorio, así coma en xestión catastral. Polo menos unha delas deberá ser licenciada en Dereito ou en Ciencias Económicas ou Empresariais.

O persoal da empresa adxudicataria non xerará dereitos fronte ao Concello, nin ostentará vínculo laboral algún con este, debendo constar tal circunstancia nos correspondentes contratos. A empresa comunicará ao Concello os traballadores do seu persoal para que poidan ser dotados, no seu caso, dunha credencial como persoal dependente da empresa adxudicataria na súa calidade de empresa adxudicataria en servizos de colaboración e asistencia na xestión tributaria e recadatoria.

O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do servizo, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

O licitador incluírá na súa memoria un organigrama cos postos de traballo e o contido de cada un deles, e comprometerase a cubrir as baixas que se produzan por causa de vacacións, enfermidade, accidentes, etc, detallando igualmente as previsións para as ditir suplencias.

B) Administración e control do servizo: A empresa adxudicataria designará á persoa responsable dela, que sexa interlocutor ante o Concello en todos os aspectos e incidencias que expoña a execución do presente contrato. O delegado responsable, con dedicación exclusiva aos servizos contratados que se encargará de dirixir os servizos nas oficinas e coordinar as relacións co Concello. Deberá reunir as condicións de coñecemento teórico-práctico en materia impositiva e recadatoria, debendo ter competencia suficiente para:

a. Ostentar a representación da empresa adxudicataria cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza, segundo o presente prego, así como noutros actos derivados do cumprimento das obrigas contractuais, sempre en orde á execución e boa marcha do servizo.

b. Organizar a execución do servizo así como o cumprimento das ordes recibidas do Concello.

O Concello poderá solicitar á empresa adxudicataria a designación dun novo responsable cando así o xustifique a marcha dos servizos contratados.

21ª Instalacións.

A empresa adxudicataria achegará un local dun mínimo de 80 m² no que en horario mínimo de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres se prestarán os servizos de asistencia e colaboración contratados. A distancia entre este local e a Casa Consistorial non poderá superar os 500 metros.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

Será por conta do adxudicatario a adquisición ou aluguer e a adaptación dos locais, así coma a adquisición do mobiliario, material de oficina e demais elementos necesarios para a prestación do contrato, incluíndo gastos de teléfono e desprazamento de persoal

Neste local, entre outros extremos, constará a denominación "OFICINA DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DO CONCELLO DE BUEU".

22ª Medios informáticos.

A) EQUIPOS E HARDWARE. A empresa adxudicataria instalará nos seus locais os equipos informáticos necesarios para a execución do contrato e disporá dos terminais informáticos que se precisen. Así mesmo, configurará unha ou máis equipos sitios na sede do Concello para acceder ao sistema de información, cos niveis de seguridade que se establezan e sempre sobre navegadores de uso habitual, e realizar as consultas que se estimen convenientes ao obxecto do control da xestión dos servizos de asistencia e colaboración contratados.

Así mesmo, a empresa adxudicataria deberá estar en disposición de operar cos equipos informáticos necesarios para a atención en liña aos cidadáns e xestores, na forma como se recolle e regula no presente prego de prescricións técnicas, permitindo o acceso desde calquera tipo de plataforma mediante un navegador estándar, cos requirimentos de seguridade óptimos e, cuxo custo de conexión non supoña aos interesados un prezo superior ao de chamada local, con independencia do punto de chamada.

Poderá igualmente instalar ou servirse de calquera outra medida, elementos, máquinas ou sistemas que posibiliten e favorezan os cobros xestionados e a culminación de operacións recadatorias.

As empresas licitadoras especificarán detalladamente o equipo informático mínimo a instalar.

B) SOFTWARE E APLICACIÓNS. A empresa adxudicataria deberá achegar o conxunto de aplicacións necesario para a plena execución do contrato na súa ampla gama de actuacións e intervencións, tanto en xestión tributaria, censal, inspectora, como en recadación voluntaria e executiva e, especialmente nesta última, con procesos rápidos e eficaces en actuacións sobre o patrimonio dos debedores, estando en condicións de mostrar en todo momento a situación xeral da tramitación de expedientes, con desgloses por contías, debedores, conceptos e demais referencias que contribúan á súa máis efectiva e inmediata orientación na realización de actuacións e ultimación de expedientes executivos.

Así mesmo, a empresa adxudicataria deberá estar en disposición de operar co software necesario para a atención en liña aos cidadáns e xestores, na forma como se recolle e regula no presente prego de prescricións técnicas (cláusula 8ª) permitindo o acceso desde calquera tipo de plataforma mediante un navegador estándar, cuxo custo de conexión non supoña aos interesados un prezo superior ao de chamada local, con independencia do punto de chamada.

O software deberá ser de fácil adaptación e parametrización ás necesidades funcionais específicas do Concello de Bueu, polo que no deseño e establecemento de fluxos de traballo introducíranse as fases, pasos e parámetros que respondan aos mesmos.

O software posibilitará a súa modificación inmediata a fin de recoller calquera modificación legislativa que se incorpore ao procedemento.

O custo de instalación do hardware e dos equipos, así como do software e aplicacións e a migración de datos das bases do programa empregado pola empresa actualmente prestadora desta asistencia, non poderá ser repercutido pola empresa adxudicataria, entendéndose incluído no prezo de contraprestación que se determina no presente concurso.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

As empresa adxudicataria queda obrigada, tal e coma dispón o apartado r) do Capítulo VII dos presentes pregos a subministrar 3 PDAs ou dispositivos similares co software e dispositivos informáticos e/ou telemáticos suficientes para a xestión, intercomunicación, control e arquivo dos expedientes. A formación no seu uso ós axentes da Policía Local será por conta da empresa adxudicataria, debendo ser remplazadas no caso de avería ou fallo de funcionamento, de forma que en todo momento existan alomenos 2 dispositivos operativos, existindo obriga de por a disposición, no seu caso, o dispositivo avariado en estado operativo no prazo máximo dunha semana.

As empresas licitadoras especificarán o software informático mínimo a instalar, que deberá permitir, polo menos:

EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA E CENSAL:

- O mantemento dos datos dos obrigados ao pago dos tributos e demais ingresos de dereito público, tendo asociada cada un deles a información necesaria para a xestión dos recursos, información sobre domiciliacións bancarias, domicilios de notificación, representantes legais, no seu caso, e datos sobre as débedas tributarias e o histórico dos mesmos.
- Domiciliacións: Mantemento dos datos de domiciliacións, posibilidade de engadir novos recibos a unha domiciliación ou modificación desta, anulación de domiciliacións e histórico.
- Posibilidade de realizar consultas amplas e listaxes selectivas.
- Xeración de padróns e listas cobratorias. Paso a recadación e control de cargos.
- Xeración de recibos e notificacións.
- No Imposto sobre Bens Inmóveis: Deberá permitir o intercambio de datos co órgano de xestión catastral da Administración do Estado, mantemento de datos de bens e contribuíntes, tratamento de bonificacións e exencións, histórico, consultas e listaxes selectivas e formación e xestión do padrón e liquidacións de ingreso directo.
- No Imposto sobre Actividades Económicas: Deberá permitir o intercambio de datos co órgano de xestión censal da Administración do Estado (protocolo de intercambio de información de IAE entre as Entidades Locais e a Axencia Tributaria), xestión e mantemento de datos e formación da matrícula e liquidacións, con diferenciación clara entre a cota municipal e a recarga provincial.
- No Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, haberá de permitir o intercambio de datos co órgano de xestión da Administración do Estado.
- Nos casos en que fose preciso, control e aplicación diferenciada do Imposto sobre o Valor Engadido.

EN RECADACIÓN VOLUNTARIA:

- Remisión de recibos domiciliados, caderno 19, a entidades de depósito en soporte informático, con control sobre o seu estado ata que transcorra o prazo para devolucións. Control de devolucións con posibilidade de emisión dos recibos devoltos.
- Emisión opcional de recibos.
- Tratamento de cobros masivos por entidade colaboradora con intercambio de soportes.
- Contabilización de pagos parciais, no seu caso.
- Control de notificacións (colectivas e individuais).
- Baixas codificadas por motivos.
- Liquidación dun período de cobro e pase a executiva. Emisión de relación de debedores e providencias de prema e resumos por conceptos e obrigados tributarios.
- Relación de valores pendentes non providenciados en prema.
- Emisión de certificados de exencións, bens de obrigados tributarios, etc.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de condicións técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

EN RECADACIÓN EXECUTIVA:

- Cargos en período executivo. Posibilidade de listalos por orde alfabética, exercicios, períodos e concepto. Resumos.
- Incorporación automática da recarga executiva do 5 por 100.
- Mesmos requisitos que para a recadación voluntaria coas peculiaridades desta fase do procedemento.
- Creación de expedientes: contemplar as diferentes actuacións en que se atopen os expedientes executivos, posibilitando en todo momento coñecer a situación puntual dun expediente, grupo de expedientes, consulta de datos xerados por cada actuación, importes individuais e acumulados por fases, número de recibos afectos, etc., requiríndose, á súa vez, a existencia dun acumulado histórico por expediente das actuacións realizadas por expediente executivo así como do conxunto deles. O devandito expediente deberá soportar efectos multimedia, permitindo asociar, executar e visualizar obxectos, de forma que, no seu caso, poida integrarse de forma directa todo o documental que xustifiquen os actos e actuacións administrativas.
- Acumulación e desglose de débedas por expediente. Seguimento das distintas fases até a proposta de insolvencias.
- Emisión de carta de pago con liquidación pormenorizada da débeda (principal, recarga, costas, intereses,).
- Emisión de providencia de prema individual ou colectiva. Incorporación automática da recarga de prema reducida 10 por 100 unha vez rexistrada a data da súa notificación.
- Notificación das providencias de prema: Emisión, control de resultados, (dos intentos realizados e das notificacións por comparecencia a través do BOP). Aplicación automática da recarga de prema ordinaria do 20 por 100 unha vez rexistrada a notificación e transcorridos os prazos de ingreso a que se refire o apartado 5 do artigo 62 da Lei Xeral Tributaria.
- Aplicación das recargas por declaración extemporánea no caso de presentación de autoliquidacións ou liquidacións fóra de prazo.
- Posible introdución de costas, sancións e cálculo de intereses nas diferentes fases.
- Embargos en entidades de depósito, caderno 63.
- Embargo de salarios e pensións: Solicitud de información á Seguridade Social, control de prazos.
- Embargo de inmobles: control.
- Baixas codificadas por motivos.
- Rexistro de datas por insolvencia.

MIGRACIÓN DE DATOS:

No caso de ser necesario, os datos que consten no aplicativo informático que utiliza a empresa que presta o servizo obxecto do contrato na actualidade, deberán ser migrados ó aplicativo informático que aporte a empresa que resulte adxudicataria.

Deberá garantirse a integridade e seguridade da información no proceso de migración, así coma o mantemento dos datos esenciais para o seguimento, tanto polo adxudicatario como do Concello, da xestión tributaria e recadatoria tanto en vía voluntaria coma executiva. A estes efectos, respecto das débedas pendentes de pagamento no momento de efectuarse a migración, deberá manterse o criterio dos núcleos ou cargos coma unidade de seguimento daqueles recibos ou valores que, estando pendentes de pagamento, foran aprobados por un mesmo acto administrativo.

Así mesmo o adxudicatario comprométese, ao remate da duración do contrato, de ser necesario, a colaborar activamente na migración de información ó remate dos seus servizos de maneira que se eviten perdas ou retrasos no tratamento dos datos.

